

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Corrección de erros.-Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).*

Advertidos erros no devandito decreto, publicado do DOG nº 65, do luns 2 de abril de 2007, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 5.221, na columna esquerda, no artigo 7.3º, liña segunda, onde di: «no artigo anterior», debe dicir: «no punto anterior».

Na páxina 5.221, na columna esquerda, no artigo 8, parágrafo segundo, onde di: «O informe non terá carácter vinculante e deberá elaborarse no prazo de 20 días. Este prazo poderá ser ampliado, a solicitude do consultor ou consultora, ata 10 días máis, cando concorran circunstancias especiais que así o aconsellen», debe dicir: «Os informes non terán carácter vinculante e deberán elaborarse no prazo de 20 días. Este prazo poderá ser ampliado, por solicitude da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e do consultor ou consultora de apoio, ata 10 días máis, cando concorran circunstancias especiais que así o aconsellen».

Na páxina 5.221, na columna esquerda, no artigo 9, parágrafo primeiro, onde di: «unha vez elaborado o informe de viabilidade polo persoal consultor de apoio...», debe dicir: «Unha vez elaborados os informes anteriores...».

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 de abril de 2007 pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2006-2007 destinadas ao funcionariado docente non universitario e pola que se aproban as súas bases de concesión.*

O capítulo III da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sobre formación do profesorado, establece no artigo 102, punto 1º, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

O artigo 6 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, sobre colaboración das empresas, dos axentes sociais e outras entidades, sinala que a participación das empresas e outras entidades no Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional se

desenvolverá, entre outros, nos ámbitos da formación do persoal docente e do alumnado nos centros de traballo, na realización doutras prácticas profesionais, así como na orientación profesional e na participación de profesionais cualificados do sistema produtivo no sistema formativo.

Así mesmo, o feito de que os ciclos formativos teñan como obrigatorio e avaliable un período de formación en centros de traballo fai necesario que o profesorado teña previamente un coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nas empresas.

Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propónse satisfacer as devanditas necesidades formativas, co obxectivo, en todo caso, de conseguir a mellora do sistema educativo a través da formación dos seus profesionais e achegar o profesorado ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro.-Convocatoria.

1. Convócanse 94 prazas de estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2006-2007, dirixidas ao profesorado que imparta docencia en especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional específica e das artes plásticas e deseño, e con destino en centros públicos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución que se establecen e relacionan nesta orde.

2. Os funcionarios e as funcionarias deberán pertencer a algunha das especialidades do profesorado para impartir módulos de formación profesional específica, segundo o Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, e o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou teren adscrición a prazas dalgunha das especialidades indicadas, así como estaren impartindo clases en formación profesional específica.

En todo caso, a estadía solicitada estará relacionada coa súa actividade docente.

Segundo.-Requisitos das persoas candidatas.

1. Ser funcionario ou funcionaria de carreira ou en prácticas nalgún dos corpos e das escalas aos que alude o artigo anterior.

2. Estar en situación de servizo activo e prestar servizos durante o curso 2006-2007 en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Non ter concedida unha licenza por estudos, no curso 2006-2007, xa que se consideran incompatibles ambas as dúas modalidades de formación no mesmo período de vixencia.

4. No caso de solicitar unha empresa na cal xa realizase unha estadía en anos anteriores, a persoa

candidata deberá xustificar debidamente os motivos polos que solicita a mesma empresa.

5. Cando queden vacantes, logo de asignar as prazas ao funcionariado, poderaselle asignar unha estadía aos interinos e ás interinas que estean impartindo clases durante o curso 2006-2007 en módulos asociados a unha unidade de competencia dos ciclos formativos de formación profesional específica.

Terceiro.-Modalidades das estadías e distribución das prazas.

1. Segundo se trate de empresas ofrecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou de empresas e prazas propostas polo interesado ou a interesada, establécense tres modalidades.

a) Tipo A, 50 prazas: estadías formativas nas empresas acollidas a este programa, que se relacionan no anexo I.

b) Tipo B, 34 prazas: estadías formativas noutras empresas ou institucións. Neste caso, o profesorado deberá concertar coa empresa o contido e a duración da estadía, e presentará un programa formativo segundo o esquema recollido no anexo III e o acordo coa empresa recollido no anexo IV.

c) Tipo C, 10 prazas: estadías formativas en varias empresas ou institucións (máximo de tres). Neste caso, o profesorado deberá concertar coas empresas o contido e a duración da estadía, co máximo dun mes, e presentará un programa formativo por cada empresa segundo o esquema recollido no anexo III e o acordo con cada empresa recollido no anexo IV.

2. As prazas non cubertas polas persoas candidatas nalgunha modalidade poderán ser acumuladas nas outras modalidades.

Cuarto.-Períodos de realización e duración das estadías formativas.

1. O período de realización das estadías será como máximo dun mes e poderanse realizar durante os meses de xullo ou setembro.

2. Para a modalidade A, a duración e o período de realización serán os indicados no anexo I para cada empresa. Poderase modificar a duración de acordo coa empresa.

3. Para as estadías das modalidades B e C, a duración estará comprendida entre cinco días laborales e un mes, e no período previsto con carácter xeral, nos meses de xullo ou setembro.

4. Poderase pactar coa empresa un horario de media xornada co fin de conciliar a vida familiar e a laboral. Neste caso, nas modalidades B e C o período de realización da estadía poderá estenderse durante os dous meses.

Quinto.-Solicitudes.

1. As persoas candidatas a realizar as estadías formativas en empresas que se convocan deberán presentar a súa solicitude segundo o modelo do anexo II.

2. As persoas candidatas a realizar estadías formativas das modalidades B ou C deberán presentar, ademais, os anexos III e IV.

3. Non se terán en conta nin se valorarán os documentos que se aleguen fóra do prazo.

Sexto.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes, xunto coa documentación, deberán presentarse a través do rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou das súas delegacións provinciais, ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común; é imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente.

3. Se o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario ou a funcionaria de correos antes de que se proceda á súa certificación postal.

4. As oficinas receptoras remitirán os expedientes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais), edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela de Compostela, dentro das corenta e oito horas seguintes á súa recepción.

Sétimo.-Comisión de selección.

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Formación Profesional, que será o presidente.

-O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

-O xefe do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional.

-O xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-Un inspector ou unha inspectora de educación.

-Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

2. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente nomeará unha persoa, que poderá asistir ás sesións da comisión con voz e sen voto.

3. A comisión poderá dispor a constitución de subcomisións técnicas especializadas só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos.

Oitavo.-Resolución da convocatoria.

1. No caso de que se presenten máis solicitudes que prazas, a orde de preferencia será a seguinte:

-Quen non realizasen ningunha estadía.

-Quen realizase unha, dúas ou tres estadías, e así sucesivamente.

2. A comisión seleccionadora realizará unha selección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo V desta convocatoria.

3. En caso de empate, terá preferencia o profesorado de centros integrados. Se, aínda así, segue o empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios.

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

4. A resolución provisional comunicaráselles ás persoas candidatas vía correo electrónico e correo postal certificado. Así mesmo farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no edificio administrativo San Caetano, e nos das delegacións provinciais, así como no portal educativo, no enderezo [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

5. Coa publicación abrirase un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións, emendar erros ou presentar renuncia (anexo VII) á concesión da estadía. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as devanditas reclamacións, a comisión seleccionadora elevaralle ao director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta ou as actas definitivas con expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final de persoas seleccionadas.

6. A resolución definitiva ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Noveno.-Renuncias e reclamacións.

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias (anexo VII) ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade apreciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O profesorado que non participe na actividade para a que foi seleccionado perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

2. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do último día de presentación de solicitudes.

3. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Univer-

sitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderán formular recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo coa Lei 29/98, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo.-Seguimento e avaliación.

1. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través dos centros de formación e recursos efectuará o seguimento das estadías formativas.

2. Ao finalizar o período da estadía, e antes do 20 de outubro en todo caso, o profesorado beneficiario presentará a seguinte documentación ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, co fin da expedición do certificado de horas de formación e aboar a correspondente bolsa de estudos.

a) Un certificado da empresa que reflita as horas por día e os días laborales, de luns a venres, realizados segundo o anexo VI.

b) Unha memoria do traballo individual desenvolvido, preferiblemente en soporte informático ou impreso (máximo de 10 follas). Na memoria faranse constar, entre outros e como mínimo, os seguintes aspectos:

1) Descrición do proceso produtivo. Perfís profesionais que participan diferenciados segundo os niveis de cualificación.

2) Realizacións máis significativas de cada perfil profesional.

3) Tecnoloxías utilizadas e a súa presenza no equipamento de cada ciclo formativo (valoración da súa necesidade ou conveniencia de incorporalo).

4) Cambios que se prevén no sistema produtivo (evolución da competencia profesional).

5) Programa de formación en centros de traballo que se podería realizar nesa empresa e nos ciclos formativos da súa familia profesional.

6) Formación do profesorado que podería desenvolver a empresa ou os seus traballadores e as súas traballadoras na oferta de formación específica dirixida ao profesorado e que se considera interesante dada a profesionalidade detectada no ámbito de cada empresa.

7) Obxectivos e contidos dos previstos inicialmente que non se acadaron coa estadía.

8) Valoración da estadía de formación: aspectos positivos e aspectos que se deben mellorar.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá das memorias dos traballos realizados de acordo coa lexislación vixente sobre propiedade intelectual.

4. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais enviará unha copia da memoria á empresa en que cada profesor realizase a estadía.

Décimo primeiro.-Situación administrativa.

1. Durante a estadía na empresa, o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias, e non terá vínculo nin relación laboral coa empresa ou institución de acollida, nin poderá ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedará excluído da lexislación laboral.

2. O profesorado estará acollido á Mutualidade de Funcionarios do Estado e ás pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil subscritas pola Xunta de Galicia.

Décimo segundo.-Indemnizacións.

1. O profesorado seleccionado para participar na estadía formativa terá dereito a unha bolsa de estudos. A contía da bolsa que percibirá por día laboral de asistencia á empresa será a que se indica a continuación, tendo en conta a distancia en quilómetros de ida e volta entre o seu domicilio habitual e a empresa correspondente.

Os tramos aplicables serán os seguintes:

-Menos de 60 quilómetros: 21 euros por día.

-Entre 60 e 120 quilómetros: 31,5 euros por día.

-Máis de 120 quilómetros: 44,17 euros por día.

-Quen se acolla á media xornada segundo establece o artigo cuarto, punto 4, terá unha redución do 40% do importe de cada xornada.

2. O profesorado seleccionados para estadías formativas fóra da comunidade autónoma poderase acoller ás bolsas de estudos as que fai referencia o parágrafo anterior ou a indemnizacións a que se refire o artigo 5 do Decreto 202/2002, do 6 de xuño, sobre indemnizacións pola colaboración, con carácter non permanente nin habitual, nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios. O profesorado que se acolla a esta modalidade de pagamento terá que manifestalo por escrito no momento de presentar a solicitude.

3. En todo caso, a contía máxima que perciba non poderá superar a cantidade de 1.086,58 euros.

4. As bolsas están suxeitas ao IRPF e serán aboadas nun pagamento, unha vez finalizadas as actividades e entregada a memoria e o certificado da empresa correspondente, coa certificación do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional de estar realizada a actividade de acordo co establecido nesta orde.

Décimo terceiro.-Orzamento.

As bolsas de asistencia aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.422M.640.1 e por un importe máximo de 102.138,52 euros. Estas estadías están cofinanciadas en un 80% polo Fondo Social Europeo.

Décimo cuarto.-Horario da estadía.

O profesorado realizará durante a súa estadía na empresa o horario produtivo que esta teña establecido, agás nos casos establecidos no artigo cuarto, punto 4, desta orde.

Décimo quinto.-Comunicación á Inspección de traballo.

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais remitiralles ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha relación dos profesores e as profesoras e do período en que estean realizando as estadías formativas nas empresas, para o seu envío á Inspección de Traballo.

Décimo sexto.-Revogación da estadía.

O non cumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da correspondente estadía formativa.

Décimo sétimo.-Certificación.

Segundo o disposto na Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións, o profesorado que realice unha estadía formativa en empresas ao abeiro desta orde, con avaliación positiva, obterá a seguinte certificación: por cada 10 horas de estadía na empresa, 5 horas de formación.

Décimo oitavo.-Difusión nos centros.

As direccións dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias que garantan que esta orde sexa coñecida por todo o profesorado destinatario desta convocatoria, e procurarán facela pública no taboleiro de anuncios das salas de profesores.

#### *Disposición derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde para prorrogar automaticamente o período de presentación de solicitudes de non cubrirse totalmente nesta convocatoria, dentro do curso 2006-2007.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I

Distribución das prazas para estadias en empresas da modalidade A que se convocan para o curso 2006-2007.

Nº	Nome da empresa	Centro de traballo	Especialidade da estadia	Prazas	Período da oferta	Duración	Concello da empresa	Provincia da empresa
1	Frigodiz, S.A.	Frigodiz, S.A.	Climatización e refreración	1	Xullo ou setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
2	Reposol Petróleo, S.A.	Complexo Industrial da Coruña	Verificación mecánica	1	Xullo	1 mes	A Coruña	A Coruña
3	Reposol Petróleo, S.A.	Complexo Industrial da Coruña	Electrónica de control	1	Xullo	1 mes	A Coruña	A Coruña
4	Seat Marmeda Motor, S.A.	Seat Marmeda Motor, S.A.	Carrozaría, mecánica, pintura e electricidade do automóbil	1	Xullo ou setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
5	Seat Marmeda Motor, S.A.	Seat Marmeda Motor, S.A.	Carrozaría, mecánica, pintura e electricidade do automóbil	1	Xullo ou setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
6	Telefónica de España, S.A.	Central Telefónica de Montijo	Telecomunicacións	1	Setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
7	Endesa Generación, S.A.	Endesa Generación S.A.	Ambiente	1	Setembro	1 mes	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
8	Endesa Generación, S.A.	Endesa Generación S.A.	Laboratorio	1	Setembro	1 mes	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
9	Sarmari, S.A. (Puentes Tren)	Puentes Tren	Control de calidade	1	Xullo ou setembro	1 mes	Cambre	A Coruña
10	Sarmari, S.A. (Puentes Tren)	Puentes Tren	Organización e control da produción	1	Xullo ou setembro	1 mes	Cambre	A Coruña
11	Sarmari, S.A. (Puentes Tren)	Puentes Tren	Operación con máquinas gobernadas por CNC	1	Xullo ou setembro	1 mes	Cambre	A Coruña
12	Panadería Barcia	Panadería Barcia	Panadería	1	Xullo	1 mes	Carbal	A Coruña
13	Navantia Ferrol	Navantia Ferrol	Ambiente	1	Xullo	1 mes	Ferrol	A Coruña
14	Navantia Ferrol	Navantia Ferrol	Monturas	1	Xullo	1 mes	Ferrol	A Coruña
15	Navantia Ferrol	Navantia Ferrol	Calidade	1	Xullo	1 mes	Ferrol	A Coruña
16	Finisa	Finisa	Industria de madeira e cortiza	1	Xullo	1 mes	Padrón	A Coruña
17	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Anatomía patolóxica	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
18	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Medicina nuclear	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
19	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Radiodiagnóstico	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
20	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Radioterapia	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
21	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Documentación sanitaria	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
22	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Dietética	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
23	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Farmacia	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
24	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela de Compostela	Análise clínica	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
25	ORTVG	Radio Televisión de Galicia	Seguridade e saúde laboral	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
26	Labagua	Labagua	Análise físico-química e microbiolóxica das augas de consumo	1	Xullo ou setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
27	Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo	Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo)	Radiodiagnóstico	1	Xullo ou setembro	1 mes	Lugo	Lugo
28	Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo	Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo)	Documentación clínica	1	Xullo ou setembro	1 mes	Lugo	Lugo
29	Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo	Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo)	Laboratorio	1	Xullo ou setembro	1 mes	Lugo	Lugo

Nº	Nome da empresa	Centro de traballo	Especialidade da estadia	Prazas	Período da oferta	Duración	Concello da empresa	Provincia da empresa
		(Lugo)						
30	Moyesa	Moyesa	Chapa e pintura do automóbil	1	Xullo ou setembro	1 mes	San Cibrao das Viñas	Ourense
31	Gabisa Automoción S.L.	Gabisa Automoción S.L.	Carrozaría, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Xullo	1 mes	Vigo	Pontevedra
32	Deputación Provincial de Pontevedra	Estación Filopatolóxica do Aereo	Filopatoloxía	1	Xullo	1 mes	Pontevedra	Pontevedra
33	Deputación Provincial de Pontevedra	Estación Filopatolóxica do Aereo	Cultivo in vitro	1	Xullo	1 mes	Pontevedra	Pontevedra
34	Comercial Automoto, S.A.	Comercial Automoto, S.A.	Carrozaría, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Xullo ou setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
35	Núñez Motor, S.A.	Núñez Motor, S.A.	Carrozaría, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Xullo	1 mes	Vigo	Pontevedra
36	Asillero Barreras de J. Barreras, S. A.)	Asillero Barreras de J. Barreras, S. A.)	Soldadura	1	Setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
37	Complexo Hospitalario Xeral-Cies	Hospital Xeral Cies	Documentación clínica	1	Xullo	1 mes	Vigo	Pontevedra
38	Complexo Hospitalario Xeral-Cies	Mexoeiro	Laboratorio análise clínico	1	Xullo	1 mes	Vigo	Pontevedra
39	Talleres Caero S.A.	Talleres Caero, S.A.	Mecánica electricidade, chapa e pintura	1	Xullo	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
40	Talleres Caero S.A.	Talleres Caero, S.A.	Mecánica, electricidade, chapa e pintura	1	Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
41	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Madeira	1	Xullo	1 mes	A Estrada	Pontevedra
42	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Madeira	1	Setembro	1 mes	A Estrada	Pontevedra
43	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Control numérico da madeira	1	Xullo	1 mes	A Estrada	Pontevedra
44	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Control numérico da madeira	1	Setembro	1 mes	A Estrada	Pontevedra
45	Imprenta Mundo	Imprenta Mundo	Impresión (CTP)	1	Xullo	1 mes	A Coruña	A Coruña
46	Imprenta Mundo	Imprenta Mundo	Impresión (CTP)	1	Setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
47	Complexo Hospitalario de Pontevedra	Hospital Provincial	Dietética, laboratorio, anatomía patolóxica, radiodiagnóstico, hospitalización (elixir unha especialidade)	1	Xullo ou setembro	1 mes	Pontevedra	Pontevedra
48	Complexo Hospitalario de Pontevedra	Complexo Hospitalario de Pontevedra	Dietética, laboratorio, anatomía patolóxica, radiodiagnóstico, hospitalización (elixir unha especialidade)	1	Xullo ou setembro	1 mes	Pontevedra	Pontevedra
49	Termocolor Vigo S.L.	Termocolor Vigo S.L.	Climatización e refreración	1	Xullo ou setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
50	Augasca S.L.	Augasca S.L.	Climatización e refreración	1	Xullo ou setembro	1 mes	Pontevedra	Pontevedra



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II



FONDO SOCIAL  
 EUROPEO

PROCEDEMENTO <b>ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS DESTINADAS AO          FUNCIONARIADO DOCENTE NON UNIVERSITARIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED305E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDERZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS PROFESIONAIS**

CICLO FORMATIVO	MÓDULOS NOS QUE IMPARTE DOCENCIA		
CENTRO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="checkbox"/> PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO	ESPECIALIDADE		
<input type="checkbox"/> PROFESORES/AS TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL			
<input type="checkbox"/> FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	<input type="checkbox"/> FUNCIONARIO/A EN PRÁCTICAS	<input type="checkbox"/> INTERINO	

**ESTADIA OU ESTADIAS QUE SOLICITA**

MODALIDADE A

Nº PRAZA	EMPRESA	ESPECIALIDADE	PERÍODO	

MODALIDADE B                       MODALIDADE C

EMPRESA OU EMPRESAS:   

**MODALIDADE DE PAGAMENTO E DATOS BANCARIOS DO/A SOLICITANTE**

<input type="checkbox"/> BOLSA DE ESTUDOS	<input type="checkbox"/> INDEMNIZACIÓNS DECRETO 202/2002 (*) <small>(só se a estadia é fóra da comunidade autónoma)</small>	(*) Neste caso necesitaranse todos os xustificantes de pagamento.		
NOME	ENTIDADE	OFICINA	DC	NÚMERO DE CONTA

**DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE**

O/A profesor/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
 declara baixo a súa responsabilidade:  
 Que non percibe ningunha axuda das administracións públicas competentes, polo mesmo nin similares conceptos para os que se formula a presente solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Orde do 12 de abril de 2007 pola que se convocan estadias formativas en empresas ou institucións para o curso 2006-2007, destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

ANEXO V

MÉRITOS	Total puntos máximo	DOCUMENTOS
1. Adecuación da estadia aos ciclos formativos en que imparte docencia. 2. Idoneidade da empresa seleccionada para a consecución dos obxectivos da estadia. 3. Interese e calidade do proxecto. (Modalidade B ou C).	6	Proxecto solicitado no anexo III.
2.- Méritos docentes: a) Funcionario de carreira (3 puntos) b) Funcionario en prácticas ( 2 puntos) c) Funcionario interino ( 1 punto)		Consulta da base de datos de personal da consellería.

ANEXO VI

CERTIFICADO DA EMPRESA DE REALIZACIÓN DA ESTADIA FORMATIVA

D/Dña....., provincia....., concello....., como representante da empresa ou institución....., con domicilio en..... nº..... localidade....., correo electrónico.....

FAI CONSTAR QUE:

O/a profesor/a..... realizou satisfactoriamente a estadia nesta empresa, por un total de..... horas cada día, durante..... días laborales.

En..... de..... de 2007

O representante da empresa

Selo da empresa

ANEXO VII

SOLICITUDE DE RENUNCIA A ESTADIA FORMATIVA CONCEDIDA

D./Dña.....

DNI:.....

Estadia concedida na empresa.....

Declara que por os motivos seguintes, renuncia a estadia concedida.

1).....

2).....

En..... de..... de 2007

O/a profesor/a

Asdo:.....

PRESIDENTE DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE ESTADIAS FORMATIVAS

ANEXO III

Modelo do programa formativo para a modalidade B ou C

1.- Empresa ou institución de acollida:

Nome ou razón social	Actividade da empresa
CIF	
Titular da empresa:	
Titor da estadia:	
Enderezo:	
Localidade	Código postal
Provincia	Teléfono
Fax	Correo electrónico
Actividade da empresa	
Especialidade da estadia	
Período da estadia	
Familia profesional relacionada coa estadia	
Módulos profesionais relacionados coa estadia	

Obxectivos e contidos (máximo 4 follas)

Obxectivos. Tomando como base as capacidades terminais elementais do módulo ou módulos correspondentes, indique os logros concretos que se deben alcanzar ao remate da actividade formativa. Tera en conta que os obxectivos deben servir como criterios de avaliación.

- 1).....
- 2).....
- 3).....

Contidos que se van desenvolver. A partir do currículo correspondente, selección os contidos dos módulos aos que vai dirixida a actividade. Amplie ou engada novos contidos en caso de consideralo necesario.

- 1).....
- 2).....

2.- Contidos conceptuais:

- 1).....
- 2).....

ANEXO IV

Acordo coa empresa para realizar a estadia formativa (modalidade B ou C)

Dunha parte:

D./Dña....., como representante da empresa ou institución.....

Con D.N.I..... con domicilio en.....

Rúa..... nº..... localidade..... concello.....

provincia..... teléfono..... correo electrónico.....

e doutra:

D./Dña....., como profesor con destino no centro docente.....

con DNI..... nº..... localidade..... concello.....

Rúa..... teléfono..... correo electrónico.....

provincia..... e pertencente ao corpo de profesores.....

na especialidade de.....

En..... de..... de 2007

O profesor

Selo da empresa

O representante da empresa

Selo da empresa

Asdo:.....

Asinan o presente acordo para a realización na dita empresa da estadia formativa, correspondente ao proxecto formativo que se xunta, segundo se indica na Orde do 12 de abril de 2007 pola que se convocan estadias formativas en empresas ou institucións para o curso 2006-2007, destinadas ao funcionario docente non universitario.